



ILMO. CONCELLO DE CALDAS DE REIS

ILMO. AYUNTAMIENTO DE CALDAS DE REIS
CIF P-3600500-G

Rúa Ferrería, nº1
Telef. 986 540002- Fax 986 530393
36650 Caldas de Reis (Pontevedra)
e-mail:concello@caldasdereis.com

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.

Por non presentarse reclamacións nin suxerencias fronte acordo do Concello Pleno de data 27 de marzo de 2015, relativo a aprobación inicial da **ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS**, queda elevado a **DEFINITIVO** e publíquese o seu texto íntegro, quedando redactado do seguinte xeito:

ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

FUNDAMENTO LEXISLATIVO

A Constitución Española, establece nos artigos 39, 41, 139.1 e 149.1, que “os poderes públicos...deben asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves o urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares.”

A Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local no seu artigo 25, distingue as competencias propias das delegadas (artigo 27), previndo a posibilidade de que as Entidades Locais poidan exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando se cumpran os requisitos materiais e procedimentais recollidas no artigo 7.4.

A Lei 13/2008 de 3 de decembro, ten por obxecto a ordenación e promoción do sistema público de servizos sociais na Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo o previsto nos artigos 18.1 e 21 desta lei no desenvolvemento do programa básico de inserción social, os servizos sociais comunitarios básicos participan no procedemento de asignación das prestacións económicas de inclusión social.

A Lei 10/2013 de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia define os Servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan, entre outros obxectivos,” facilitar recursos e itinerarios de integración social a que se atopa en situación ou risco de exclusión social”.

Conforme ao artigo 84 desta lei, corresponde aos concellos implantar e desenvolver os servizos sociais comunitarios necesarios, en cooperación coa Xunta de Galicia, implicándose así mesmo o Organismo Provincial correspondente.



Tendo en conta o fundamento exposto, é preciso regular as prestacións sociais de carácter económico para situacións de emerxencia de especial necesidade individual, familiar e/ou da unidade de convivencia, outorgadas polos servizos sociais do Concello de Caldas de Reis

Este tipo de axudas deberán de concederse seguindo os criterios xerais establecidos nesta ordenanza, e mediante unha valoración profesional que teña en conta os distintos aspectos que se desenvolven nesta normativa.

ARTIGO 1.- CONCEPTO/DEFINICIÓN

Considéranse axudas de emerxencia social, para os efectos da presente ordenanza, aquelas prestacións económicas de pago único, de carácter extraordinario e finalista, destinadas a resolver as situacións de emerxencia que afecten ás persoas ou familias ás que lle sobreveñan situacións de necesidade ou que se vexan privados dos medios de vida primarios e imprescindibles.

A súa finalidade será dispensar unha atención básica e urxente no momento en que estas situacións de necesidade se produzan, a aquelas familias ou unidades de convivencia que carecen dos recursos económicos para satisfacer necesidades básicas (alimentación ou aloxamento) ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

ARTIGO 2.- OBXECTO

O obxecto da presente ordenanza e a regulación das axudas de emerxencia social de carácter económico xestionadas pola Concellería de Servizos sociais do concello de Caldas de Reis, os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e o seu procedemento.

ARTIGO 3.- PERSOAS BENEFICIARIAS

Está dirixida a persoas individuais, unidades familiares e/ou unidades de convivencia que carezan de medios económicos e nas que concorran factores de risco, sendo sempre un apoio á intervención social.

Poderán solicitar axudas económicas as persoas físicas por si mesmas ou en nome da súa unidade familiar, e que reunindo os requisitos establecidos atravesen unha situación de necesidade social.

Enténdese por unidade familiar a formada por máis dunha persoa cuxos membros, ademais de convivir no mesmo domicilio, están unidos por relación conxugal ou análoga, adoptiva, tutela ou de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo grao.

Enténdese por unidade de convivencia o conxunto de persoas que habitan no mesmo domicilio non estando unidas por lazos de parentesco, senón por amizade ou afinidade.

Na unidade familiar ou na unidade de convivencia un dos seus membros terá a condición de persoa beneficiaria da axuda, aínda que se lle outorgue en beneficio da unidade familiar ou de convivencia, e coincidirá co membro que faga a solicitude, salvo que o/a traballador/a social motive no seu informe que sexa outro membro.



As axudas recollidas nesta Ordenanza serán outorgadas ata o límite económico que permitan ás consignacións económicas aprobadas en cada exercicio orzamentario.

As persoas solicitantes, que poidan ser perceptoras dos programas de axudas de emerxencia social doutras administracións, serán derivadas, segundo criterio do/a técnico/a correspondente.

Daráselle prioridade a cubrir as necesidades de familias con menores ó seu cargo, persoas maiores en situación de desamparo, que se atopen en situación de exclusión social ou en risco de estalo.

Para o caso particular de transeúntes, poderán concederse axudas en especie consistentes en vales de comida por importe máximo de 15 euros con un tope máximo de tres vales anuais.

ARTIGO 4.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

4.1.- Ser maior de idade ou menor emancipado/a debidamente acreditado/a, ou no seu defecto inicialo trámite legal de emancipación.

4.2.- Estar empadroad/a e ter residencia efectiva no Concello de caldas de Reis, cunha antelación mínima de tres meses no momento da solicitude.

4.3.- As unidades de convivencia, deben de ser estables e continuadas, e dicir, deben existir e acreditar unha convivencia mínima de tres meses.

4.4.- Que non existan familiares legalmente obrigados e con posibilidade real de prestar axuda

4.5.- Non dispor de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nesta ordenanza e na táboa que se presenta a continuación

Para o cálculo teranse en conta os ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante ou as persoas que constitúan a unidade familiar en concepto de retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios por calquera outro concepto.

ARTIGO 5.- INDICADORES

Para a concesión da axuda de emerxencia social teranse en conta os seguintes indicadores:

a) Indicador económico. Con carácter excluínte:

Carecer de ingresos anuais superiores ao IPREM que se fixe anualmente, incrementado nun 15% por cada un dos membros da unidade familiar. Para os efectos do cómputo dos ingresos para o recoñecemento da prestación, terase en conta a base imponible da última declaración da Renda das persoas físicas, previa aplicación ao mínimo persoal e familiar do imposto; e cando non sexa obrigatorio realizala, acreditará ingresos anuais inferiores ao límite establecido a través de nóminas, certificados do INEM, certificados da Seguridade Social sobre vida laboral ou percepción de pensións, certificación de xuros bancarios e os últimos movementos bancarios e calquera outra que se considere necesaria para acreditar os recursos económicos familiares.



Computaranse como recursos a totalidade de ingresos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións nos 6 meses anteriores á data da solicitude.

Descontarase o gasto de vivenda: alugueiro ou hipoteca, até un máximo de 350€/mes.

No suposto de que sexa unha familia monoparental con máis de un menor a cargo, ou con persoa con eivas ou dependencia a cargo, incrementarase nun 0,8 o número de persoas computábeis.

Excepcións no baremo económico:

Como medida de excepción ós servizos sociais do concello de Caldas de Reis, poderán valorar a necesidade de exceder o baremo económico, nunha porcentaxe no superior ao 12% do establecido neste artigo, sempre e cando cumprindo os demais requisitos previstos nesta Ordenanza, a situación familiar sexa de extrema urxencia ou como resultado dos gastos acreditados de vivenda habitual, tendo en conta o previsto no artigo 48 punto 3 da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia.

b) Situacións de risco e/ou exclusión social.

Valoraranse as situacións de desatención ou problemas de conduta nos menores que integran a unidade familiar; situacións carenciais ou de conduta desarraigada que afectan aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar, situacións de violencia de xénero e outras circunstancias de risco con recollidas nos ítems anteriores.

c) Proceso de intervención social, individual ou familiar.

É para aplicar con persoas e/ou familias en proceso de atención nas que se dan situacións de especial necesidade.

ARTIGO 6.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Os/As beneficiarios/as das axudas ou no seu caso os seus representantes legais estarán obrigados a:

- Destinar o importe das prestacións económicas ás finalidades para as que foron outorgadas.
- Permitir e facilitar o labor das persoas designadas para verificar a situación económica e familiar, sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.
- Ser incluídos no programa de educación familiar, si houberse menores no domicilio e así fose considerado polos os/as técnicos/as de servizos sociais
- Reintegrar as cantidades percibidas indebidamente.
- Compatibilidade: ningunha das axudas previstas nas presentes bases é incompatible con calquera outra axuda concedida, sempre que o montante global das axudas non supere o custo económico da necesidade que se pretende atender
- Xustificar mediante facturas ou recibos a axuda concedida, en un prazo non superior a 60 días.
- Os/as beneficiarios/as teñen a obriga de comunicar calquera variación da súa situación socioeconómica, cambio de domicilio, etc..

ARTIGO 7.- TIPOLOXÍA DAS AXUDAS

7.1.- Alimentación



Axudas destinadas á compra de alimentos, con especial atención a adquisición dos perecedoiros como complemento das achegas de entidades de iniciativa social así como de alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas por un facultativo (celíaco, diabéticos, etc...).

7.2.- Uso da vivenda

Gastos de aluguer: consiste nunha axuda económica destinada ao aboamento dos recibos de aluguer da vivenda habitual que impidan os procedementos de desafiuzamento por falta de pagamento, así como que existan garantías de continuidade na vivenda, ata un máximo de 3 recibos por beneficiario/a, podéndose incluír como recibo a fianza, sempre e cando a cota do recibo non supere os 450€.

Créditos hipotecarios: consiste nunha axuda para o pago de recibos de créditos hipotecarios da vivenda habitual: ata un máximo de 5 recibos correspondentes a cinco meses de hipoteca, canto a contía dunha das cotas sexa inferior a 450 €, e sempre que exista garantía, debidamente acreditada por parte da entidade bancaria de que o pago deses recibos solucionan a reclamación por demora e dan continuidade na vivenda habitual do beneficiario/a da axuda de emerxencia.

7.3.- Débedas de subministracións (pago de recibos)

Destinadas a evitar a perda de subministracións básicas da vivenda e paliar situacións de empobrecemento enerxético: recibos de electricidade, gas ou gasóleo.

7.4.- Equipamento básico da vivenda habitual e reparacións menores de urxente necesidade

Consiste nunha axuda económica destinada a:

Merca de equipamento de primeira necesidade ou mobiliario básico: cando o beneficiario careza destes bens ou se atopen moi deteriorados, por exemplo (electrodomésticos básicos como lavadora, quentador, cocina, frigorífico...) . O/A solicitante deberá presentar 3 orzamentos. Reservándose o dereito a poder solicitar algún máis si así o considera procedente o equipo técnico dos Servizos Sociais.

Instalacións ou reparacións menores do fogar, previo informe de valoración das traballadoras sociais sociais.

Os conceptos deberán ir perfectamente desagregados, en ningún caso se incluírán gastos de comunidade, limpeza de escaleiras ou outras relativas a bens comúns.

7.5.- Produtos de hixiene e limpeza

Destinados á compra de produtos básicos de uso común para a limpeza da vivenda (ex. lixivia, líquido lavalouza e outros) así como produtos de aseo persoal (xabón, desodorizante, produtos de hixiene feminina, etc..)

7.6.- Pago de farmacia

Destinadas ó pago de produtos farmacéuticos prescritos por un facultativo especialista e/ou polos médicos de atención primaria. A axuda será equivalente á achega do usuario/a.

7.7.- Pago de desprazamentos



Destinadas ó pagamento de desprazamentos a recursos asistenciais ou sanitarios fóra do propio concello cando sexan debidos a tratamentos, xestións ou actividades que non poidan ser levadas a cabo dentro deste

Así mesmo, realizaranse pagamentos de desprazamentos dentro do propio concello cando estes sexan motivados polas xestións ou actividades relacionadas co programa de educación familiar, servizo de axuda no fogar, ou asistencia a recursos sociais, educativos ou sanitarios do propio concello.

7.8.- Axudas de apoio á infancia

No caso de menores de idade poderáselle facer fronte a gastos non incluídos nos puntos anteriormente mencionados, que posibiliten a continuidade do menor no seu medio familiar.

Estes gastos deberán incidir directamente na calidade de vida dos menores e ir acompañados do correspondente informe social que xustifique a súa necesidade.

7.9.- Gastos polivalentes

Destinado a calquera tipo de axuda que non poida ser atendida por ningún dos conceptos contemplados nos artigos anteriores ou por calquera outro tipo de prestación ou axuda, tales como gastos de aloxamentos temporais ou alternativos, ou decesos. Só se concederá esta prestación naqueles supostos nos que a persoa solicitante, cumprindo cos requisitos establecidos nesta ordenanza, non poida asumir o custo da axuda solicitada, ao atoparse nunha situación de precariedade económica.

En ningún caso concederanse axudas destinadas a abonar as débedas que os usuarios contraian coa Administración.

ARTIGO 8.- CONTÍAS DAS AXUDAS E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

8.1.- Contía das axudas

a) En concepto dos apartados incluídos no artigo 7 (dende o 7.1 ata o 7.7)desta ordenanza, poderán solicitar ata un máximo anual do 250% do IPREM.

b) En concepto do apartado 7.8, do artigo 7 desta ordenanza, ata un máximo anual de 100% do IPREM.

Só se poderán solicitar ata dúas axudas por ano para calquera dos conceptos anteriores.

c)Para as axudas por gastos polivalentes establécese unha contía máxima de 650 €/ano por beneficiario.

8.2.-Compatibilidade con outras axudas

Ningunha das axudas previstas nas presentes bases é incompatible con calquera outra axuda concedida, sempre que o montante global das axudas non supere o custo económico da necesidade que se pretende atender

ARTIGO 9.- PROCEDEMENTO, INICIACIÓN, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN



9.1.- Orientación e información

- Os Servizos Sociais informarán, valorarán e orientarán das prestacións sociais de carácter económico xestionadas pola Concellería de Servizos Sociais do Concello de Caldas de Reis, e dos requisitos necesarios para acceder as mesmas e o seu procedemento.
- As solicitudes xunto coa documentación esixida presentárase no Rexistro municipal do Concello de caldas. As solicitudes que se presenten deberán dirixirse ao Alcalde/sa do concello de caldas de Reis, para o seu traslado ao departamento de Servizos Sociais.
- prazo de solicitude manterase permanentemente aberto, suxeito en todo caso, a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte ao custo das axudas en cada un dos exercicios orzamentarios.
- As axudas só se poderán solicitar unha vez por ano, excepto nos casos en que a petición poida ser causada por unha situación de emerxencia sobrevida, distinta da solicitude anterior; e cuxa emerxencia deberá ser valorada polos servizos sociais.

9.2.- DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude (Anexo I), achegarase a seguinte documentación de toda a unidade familiar.

- Fotocopia compulsada do DNI/NIE ou pasaporte, en vigor
- Fotocopia do libro de familia/certificado de nacemento ou documentos acreditativos de acollemento ou tutela.
- Volante do padrón municipal de habitantes, conforme a residencia e convivencia
- Xustificación do estado civil. No caso de separación ou divorcio, deberán presentar documentación acreditativa desta situación e acreditar as pensións alimenticias ou compensatorias no seu caso. No seu defecto deberá presentar documento que acredite habelo reclamado.
- Fotocopia da declaración do IRPF do ano corrente ou do anterior de pendendo da data da solicitude. No caso de non estar obrigado/a a presentala, certificación negativa da axencia estatal tributaria relativa aos membros da unidade familiar maiores de 16 anos. Esta obriga poderá substituírse pola autorización ao Concello para consultar esta información vía telemática a administración de facenda.
- Xustificante de ingresos económicos de tódolos membros da unidade familiar maiores de 16 anos: por actividade laboral, pensionistas ou perceptores de prestación ou subsidio:
 - Nóminas
 - Certificado de pensión, prestación ou subsidio emitido polo órgano correspondente.
 - Declaración xurada e responsable de ingresos en caso de carecer de xustificantes.
- Na situación de desemprego:
 - xustificantes de inscrición como demandante de emprego e/ou
 - certificado negativo de non percibir prestación, pensión ou subsidio emitido polo organismo correspondente.



- Declaración xurada e responsábel de non exercer actividade laboral e non percibir ingresos.
- Xustificantes de gastos de vivenda:
 - copia do contrato de aluguer da vivenda e o último recibo de pago.
 - copia do último recibo de hipoteca
- Presuposto detallado. Documentos orixinais acreditativos da situacións de necesidade pola que se solicita e o xustificante do custo.
- Si as axudas implican adecuación de vivenda, acreditar propiedade ou aluguer, e autorización do propietario/a si procedese.
- Documento de cesión de pago, pago delegado (ANEXO II)
- Certificado de conta bancaria do/a solicitante ou do provedor/acredor/a se é o caso(pago delegado) coa copia do DNI/NIE do mesmo.
- Certificado de discapacidade emitido polo organismo competente, si fose o caso.
- Consente á previsión establecida no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora), dado que a normativa autonómica tamén se pronuncia no mesmo sentido, exonérase do requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias aos beneficiarios deste tipo de axudas, posto que precisamente van dirixidas a paliar situacións excepcionais de emerxencia social e coas que se pretende cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente, tales como gasto imprescindibles para o uso da vivenda habitual, necesidades básicas familiares ou nos que concorran outras circunstancias de gravidade, dificilmente conciliables co requisito de estar ao corrente coas obrigas tributarias
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade ou que teñan o carácter de axuda de emerxencia social.
- Calquera outra documentación que o departamento de servizos sociais estime oportuno para a resolución do expediente.

ARTIGO 10.- TRAMITACIÓN

As solicitudes de axudas de emerxencia presentaranse de acordo co seguinte:

10.1.- A solicitude en modelo oficial dirixido o/a Alcalde/sa, acompañada da documentación complementaria pertinente en cada caso, presentaranse no rexistro xeral municipal, ou por calquera outro procedemento previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro, (artigo 38); así mesmo, poderase iniciar de oficio mediante informe emitido polos técnicos/as de servizos sociais, co que se iniciará o expediente a tódolos efectos.

10.2.- O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto, con carácter permanente. A concesión das axudas estará suxeita en todo caso á existencia da correspondente consignación orzamentaria.

10.3.- A solicitude unha vez rexistrada polo departamento municipal correspondente, daráselle traslado ao departamento de servizos sociais para a súa valoración.

10.4.- A ocultación ou falsidade dos datos que figuren na solicitude ou nos documentos achegados, poderá ser considerado causa suficiente para denegar a axuda solicitada.



10.5.- Se os servizos sociais, unha vez recibida no seu departamento, a solicitude xunto a documentación, observan a falta dalgunha documentación esencial ou outra que se considerase pertinente para a valoración do expediente, poderá requirir o/a solicitante que a presente nun prazo de 10 días hábiles desde que se lle notifique, con indicación de que así non o fixera darase por desistida a súa petición.

ARTIGO 11.- INSTRUCCIÓN

11.1.- A instrución do procedemento realizarase polos servizos sociais do Concello de Caldas de Reis.

11.2.- Á solicitude e documentación presentada segundo esta ordenanza, unirase o estudo da situación socio-familiar, realizado por parte do departamento de servizos sociais para a valoración da petición formulada.

11.3.- O departamento dos Servizos Sociais Comunitarios de Caldas de Reis, emitirá o correspondente informe social e proposta, no que se valorará debidamente a situación que o interesado/a acreditou documentalmente e cuantificarán o importe da axuda.

11.4.- Unha vez que estea completo o expediente, o departamento de Servizos Sociais, remitirao xunto coa valoración e proposta, nun prazo máximo de 45 días naturais dende a súa recepción no rexistro, á Xunta de Goberno Local ou Alcaldía para a súa resolución.

11.5.- Previo a celebración da Xunta de Goberno ou Decreto Alcaldía, o departamento de Intervención deste Concello, deberá emitir un informe da existencia de crédito necesario, para a aprobación da axuda, que tamén se lle achegará o expediente de solicitude.

ARTIGO 12.- RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

12.1.- As resolucións relativas as axuda económicas municipais, adoptaranse por acordo da Xunta de goberno municipal ou por Resolución de Alcaldía, no prazo máximo de 45 días naturais, contados dende a presentación da solicitude.

12.2.- As resolucións notificaranse por escrito os interesados na forma e por calquera dos medios que permita ter constancia da recepción polos interesados.

12.3.- Unha vez adoptado/tomado o acordo, darase conta da resolución ó departamento de intervención para que se efectúe os pagos da axuda concedida ó solicitante ou ó provedor, segundo o caso.

ARTIGO 13.- FORMA DE PAGO E XUSTIFICACIÓN DO GASTO

13.1.- Adoptada a resolución polo órgano competente e polo que se concede a axuda económica, esta abonarase con carácter xeral, mediante transferencia bancaria do concello a conta do/a beneficiario/a (pago directo) ou a persoa ou entidade que este autorice (pago delegado), excepcionalmente, tamén poderá abonarse a través de cheque bancario se o informe social así o apoia.



13.2.- Os/As beneficiarios/as, no prazo máximo de 45 días a partir da data de pago da axuda, deberán xustificar documentalmente, no departamento de Servizos sociais deste Concello, a realización do gasto destinado ó fin do que motivou a concesión da axuda económica, mediante facturas, contratos e recibos (orixinal ou copia cotexada) e acreditación do pago dos mesmos.

13.3.- O departamento de Servizos sociais coa documentación que lle acheguen os beneficiarios, cando está completo o expediente, xustificará ante o departamento de intervención municipal a axuda concedida, mediante informe.

13.4.- Considérase que a subvención queda xustificada mediante o pago do Concello o concesionario/a, en base a cesión que dos dereitos de cobro fai o/a beneficiario/a- cedente, pero sen que en ningún caso o cesionario forme parte da relación subvencional.

ARTIGO 14.- CAUSAS DE DENEGACIÓN

Poderá ser denegadas aquelas situacións nas que concorran algunhas das seguintes circunstancias:

- a) Que non cumpran os requisitos esixidos na presente ordenanza.
- b) Que a axuda solicitada non sexa adecuada para a resolución da necesidade presentada.
- c) As axudas que sexan competencia de outros organismos públicos. Poderán contemplarse situacións excepcionais debidamente xustificadas.
- d) Ocultación ou falsidade dos datos subministrados para obter, manter ou aumentar a contía da prestación económica.
- e) Non ter xustificando a realización do gasto ao fin que o motivou unha prestación económica no ano anterior o da solicitude.

ARTIGO 15.- REVOGACIÓN DAS AXUDAS

As causas de revogación das axudas municipais de emerxencia social serán as seguintes:

- a) Renuncia expresa.
- b) Falsidade e ocultamento de calquera dos datos declarados pola persoa solicitante.
- c) Desaparición das circunstancias que deron orixe da súa concesión.
- d) Falecemento da persoa solicitante (titular da axuda), cando esta non sexa membro dunha unidade familiar ou de convivencia.
- e) Non aceptación por parte do solicitante a quedar incluídos nos programas de inserción social ou educacións familiar, se procedese.
- f) Non cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias establecidas na presente ordenanza.
- g) A utilización da axuda concedida para unha finalidade distinta daquela para a que foi concedida.

Disposición final

De conformidade co que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, Reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor unha vez que o concello publique o seu texto íntegro no Boletín oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días hábiles ó que se refire o artigo 65.2 desa Lei.



ANEXO I SOLICITUDE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

DATOS DO/DA SOLICITANTE

<i>Apelidos</i>
<i>Nome</i>
<i>DNI/NIE</i>
<i>Data nacemento</i> <i>Idade</i>
<i>Estado civil</i>
<i>Enderezo</i>
<i>Teléfono</i> /.
<i>Ocupación</i>

AXUDA QUE SOLICITA

<i>Concepto</i>	<i>contía</i>

DECLARA

Que forma parte da unidade de convivencia constituída por..... persoas, e que os ingresos da unidade familiar ascende a€ mes.

Que tódolos contidos expostos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son verdadeiros, non existindo omisión de datos, así como que non percibe axuda polo mesmo concepto doutros organismos.

Caldas de Reis a.....de.....de 20

Asdo.

SR.ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS



ILMO. CONCELLO DE CALDAS DE REIS

ILMO. AYUNTAMIENTO DE CALDAS DE REIS
CIF P-3600500-G

Rúa Ferrería, nº1
Telef. 986 540002- Fax 986 530393
36650 Caldas de Reis (Pontevedra)
e-mail:concello@caldasdereis.com

ANEXO II PAGO DELEGADO Ó PROVEDOR/A-ACREDOR/A

D/Dª.....

Con DNI/NIE nº....., delego a percepción da axuda de emerxencia social municipal concedida, a:

D/Dª..... ou..... Razón
Social.....

Con..... nº..... de
DNI/NIE/NIF.....

Sinatura do/da solicitante

DATOS BANCARIOS DO PROVEDOR/A-ACREDOR/A

DATOS DO PROVEDOR/A-ACREDOR/A

Nome e apelidos.....

Ou..... Razón
Social.....

Enderezo.....

Provincia.....

código postal.....

DNI /NIE ou NIF.....

DATOS BANCARIOS

Nome da entidade financeira.....

Enderezo..... Localidade.....

Caldas de Reis ade.....de 20...

Sinatura e selo da persoa ou empresa autorizada

DILIXENCIA DO AXENTE PAGADOR: Acéptase a elección formulada polo perceptor ó que se refire o presente documento.



ILMO. CONCELLO DE CALDAS DE REIS

ILMO. AYUNTAMIENTO DE CALDAS DE REIS
CIF P-3600500-G

Rúa Ferrería, nº1
Telef. 986 540002- Fax 986 530393
36650 Caldas de Reis (Pontevedra)
e-mail:concello@caldasdereis.com

Data, sinatura e Selo da entidade Bancaria

CLAVE ENTIDADE.....

CLAVE SUCURSAL.....

DC.....

CONTA Nº.....

Caldas de Reis, 26 de maio de 2015.

O Alcalde,

Asdo/ Juan Manuel Rey Rey